

Tutorial en vídeo:


▶ Tutorial percorrido 360 virtual con H5P

Que é H5P?

H5P é unha plataforma de creación de contidos interactivos, gratuíta e aberta. É un proxecto liberado polo MIT.

Desde a plataforma H5P.org ou desde un xestor de contidos de aprendizaxe (ex. o noso Moodle corporativo) que teña o seu plugin instalado permite máis de 45 tipos de actividades diferentes.

Permite un cambio de perspectiva ao modelo de ensino online xa que permite pasar dunha aprendizaxe máis pasiva (vídeos planos, imaxes e PDF descargables) a unha aprendizaxe máis dinámica e activa (vídeos interactivos con cuestionarios e actividades, facer clics, reorganizar imaxes, elaborar liñas de tempo... e outras imaxes que podedes ver no cadro de abaixo.



Todas as actividades posibles en H5P a 7/4/21. Imaxe capturada de <https://h5p.org/>

Ten unha plataforma en liña onde podedes ver tutoriais para cada tipo de actividade e un foro bastante activo en : <https://h5p.org/> que vos recomendo que visitedes antes ed comezar.

O tipo de linguaxe de programación que usa é HTML5 , polo que é moi compatible tanto con ordenadores como dispositivos móbiles.


O HTML5 é a quinta revisión da linguaxe HTML da *World Wide Web* para facerla máis eficiente e que a navegación sexa mellor en todo tipo de dispositivos. Este é un punto importante, xa que actividades que mandamos na aula virtual, se se abren desde un móbil ou tableta ás veces non se visualizan debidamente. Con actividades elaboradas baixo esta programación non teríamos ese problema.

O plugin é gratis e agora mesmo, compatible con Moodle (como o da aula virtual da nosa consellería), Canvas, Brightspace, Blackboard e WordPress. Permite crear contido interactivo co que podes enriquecer os teus vídeos explicativos con opcións que van máis aló do texto e a imaxe, como cuestionarios, resumos e ligazóns.


Entre as vantaxes que presenta:

- Multiplataforma (funciona con Linux, Windows e IOS), e a experiencia é a mesma en dispositivos móbiles ca en ordenadores.
- De código aberto e por tanto sostible no tempo, asegurando a perdurabilidade das nosas actividades.
- Con liberdade para usalo, copiar, modificar e compartir actividades xa feitas ou o seu software. Por iso poderemos compartir actividades con compañeiros/as, reusalas ou modificalas.
- Optimiza recursos, reducindo os problemas con equipos antigos que teñamos no centro ou que teñan pols casas os alumnos.

Antes de nada, temos que comprobar que o Moodle do noso centro conte coas actividades H5P, porque aínda que probablemente esté instalado e figure entre as actividades a escoller como vemos aquí abaixo...



pode suceder que non estén os plugins instalados e vos pode aparecer unha imaxe como a de embaixo, a cal indica que non vos permite facer aínda ningún tipo de actividade. Para iso, tedes que solicitar ao **administrador** do Moodle que vos **instale** (onde pon "GET"), xa que o rol de profesor non vale.




Cando o administrador instale cada plugin manualmente, o cal pode levar 20-25' dependendo da conexión, xa poderá todo o profesorado facer este tipo de actividades nos seus cursos desde a súa aula virtual en Moodle.


Cando seleccionemos H5P no tipo de actividade desde o Moodle, aparécenos un selector de todas as que estén implementadas e escollemos a que máis nos interese. Nós para este módulo do curso, imos centrarnos na de "Tour virtual" e podemos atopalo nas derradeiras opcións. Dependendo da versión do noso Moodle, poida ser que o vexamos desde a opción "Banco de contidos"

Banco de contidos


[Inicio](#) / [Os meus cursos](#) / [S2101145](#) / [Banco de contidos](#)



O primeiro que debemos facer é engadir un título e logo pinchar no botón azul de nova escea. Desde aquí engadiremos a primeira foto e da cal queremos que parta a nosa excursión, aínda que isto poderémolo cambiar máis tarde se así o desexamos .




Nas opcións temos que engadir se é unha foto de 360 ° (o noso caso) ou 180°, o nome da ubicación, unha pequena descrición do lugar e engadir a imaxe en “scene background”.



Desde “Audio track” poderemos engadir un son ambiental para ese punto. Pode ser desde un arquivo do ordenador, achegar un link a un arquivo de audio ou lanzar a gravadora (audio recorder)

Audio Track

Add an audio track that's specific for this scene.



Cando engadimos a foto 360 dámoslel ao botón superior “Done” e ábrenos outra xanela na que xa podemos visualizar a imaxe en 360, movémos por ela pinchando co rato e

deslizarnos por ela movéndoo. Se marcamos o botón negro “Set starting position” será ese o encadre que primeiro aparecerá cando abramos a imaxe.

Virtual Tour (360)

Título * Metadata
Used for searching, reports and copyright information

Paseo pola Torre de Hércules

Audio Track
Add an audio track

Current scene: Casa dos peixes + New scene Set starting position

Behavioral settings

Text overrides and translations

Gardar Cancelar

Desde as opcións de arriba podemos, de esquerda a dereita:

Frechiña. Podemos acceder a unha nova escea engadindo unha nova imaxe 360 en “New escene”. O ideal é que coloquemos a frecha que nos leva á nova escea sobre un elemento que haxa en común entre ambas. No noso caso, colocamos sobre a Torre de Hércules o enlace para acceder a ela.

Texto. Podemos engadir unha etiqueta que ao pinchala amosará un pequeno texto.

Imaxe. Podemos engadir unha imaxe, de xeito que esta se abra ao pinchar sobre o punto. Debemos engadir un texto alternativo para aqueles casos nos que a imaxe non cargue.

Audio. O audio permítenos engadir un arquivo gravado desde o noso ordenador ou achegar o enlace dun arquivo de audio na rede. Así poderemos engadir explicacións en audio do que se está vendo nese momento.

Vídeo. Temos que engadir o título da etiqueta primeiro, logo o título do vídeo a efectos de información do copyright. e por último o enlace copiado dun vídeo de Youtube que nos interese, sexa noso ou non. Dámoslle a “insert” e logo “Done”.

Cuestións finais (Summary). Primeiro introducimos o que queremos que se indique na etiqueta, logo o título e por último escribimos unha serie de aseveracións sobre o sitio que estamos visitando de xeito que a primeira frase sempre sexa a correcta, para indicarlle que é a verdadeira. Tamén podemos usar o modo textual no que escribimos grupos de frases separados por espazos en branco e no que dentro de cada un, a frase verdadeira figura en primeira posición. Se queremos engadir unha pista, este debe ir antes do grupo e precedida por “.”

Cuestionario de opción simple (single choice set). Como sempre, debemos escribir o que vai figurar na etiqueta e logo introducir as preguntas e as posibles respostas, escribindo en primeira posición a resposta correcta.

Tamén podemos usar o modo textual no que escribimos grupos de frases separados por espazos en branco e no que dentro de cada un, a frase verdadeira figura en primeira posición.

Go To Scene Remove Done

Label
If left blank no label will be displayed and we'll try to use the title field for screen readers

Torre de Hércules

Label Settings

Create a new scene to go to:
+ New scene

Text Remove Done

Label
If left blank no label will be displayed and we'll try to use the title field for screen readers

Casa dos peixes

Label Settings

Text Metadata

B I ABC U Bulleted List Numbered List Link Unlink Normal 10... A- A+

Acuarium da Coruña que pertence á rede de museos científicos municipais.

body p

Label


If left blank no label will be displayed and we'll try to use the title field for screen readers

Torre e acuario

▸ Label Settings

Image ^{*} Metadata



 Edit image

Alternative text ^{*}

Required. If the browser can't load the image this text will be displayed instead. Also used by "text-to-speech" readers.

Torre e acuario

Hover text

Optional. This text is displayed when the users hover their pointing device over the image.

Label

If left blank no label will be displayed and we'll try to use the title field for screen readers



▸ Label Settings

Título * Metadata

Used for searching, reports and copyright information

Video sources *

To ensure that the video works in all browsers you should add both WebM and MP4 formatted sources.

<p>Upload video file</p> 	or	<p>Paste YouTube link or other video source URL</p> <div data-bbox="624 871 1287 965"> <input type="text" value="https://youtu.be/pzhIQ-pl7hgj"/></div> <p>H5P supports all external video sources formatted as mp4, webm or ogv, like Vimeo Pro, and has support for YouTube links.</p>
<p>Insert Cancel</p>		